

Propostas de actuación

Grupo de traballo para o Xacobeo 2021

6 de maio - 8 de xuño de 2020



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

PRESENTACIÓN

MISION DO GRUPO DE TRABALLO PARA O XACOBEO 2021	3
FINALIDADE E OBXECTIVOS DO GRUPO DE TRABALLO PARA O XACOBEO 2021	4
COMPOSICIÓN	5
DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS	8
RESULTADOS	9
OBXETIVOS PRIORITARIOS E PROPOSTAS	12

MISION DO GRUPO DE TRABALLO PARA O XACOBEO 2021

Como consecuencia do novo escenario que se presenta tras a emerxencia sanitaria ocasionada pola pandemia, atopámonos nun momento clave para a mobilización activa dos axentes e actores decisivos para a posta a punto de novos programas e liñas de actuación na nosa comunidade.


A Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia cre que o Xacobeo 2021 é un factor decisivo para o escenario pospandemia.

O desenvolvemento do Xacobeo 2021, como proxecto de país, con dimensión internacional, pode axudar a reactivar a economía e o emprego nalgúns dos sectores clave da nosa estrutura produtiva, como é o caso do turismo, da cultura ou das industrias creativas no seu conxunto. Os valores do Camiño de Santiago e do Xacobeo prevalecen nesta época de transición, que **necesita máis ca nunca da solidariedade, da espiritualidade, da hospitalidade, da experiencia compartida e da concordia**.

O Xacobeo 2021 é unha oportunidade e un reto “vivo” e cómpre **repensar como será a orientación e a participación das nosas institucións, das nosas empresas e da cidadanía no próximo Ano Santo compostelán**. Para cumprir esta misión, a Xunta de Galicia anunciou o pasado 20 de abril a creación deste grupo de traballo para o Xacobeo 2021.

Sen dúbida, **convirá transformar algunhas das propostas** que xa foran incluídas no Plan estratéxico do Xacobeo e no avance da programación, aínda que todos estes programas constitúen un bo punto de partida para iniciar a carreira cara á senda da recuperación.

A constitución de forma extraordinaria, por vía telemática, deste grupo de traballo permitirá **darlles cabida, representación e a palabra a todos os colectivos implicados** neste acontecemento de excepcional interese público.



FINALIDADE E OBXECTIVOS DO GRUPO DE TRABALLO PARA O XACOBEO 2021

A finalidade deste grupo de traballo é a **elaboración dun documento de recomendacións concretas**, dirixido á Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia sobre o Xacobeo 2021, no novo escenario despois da COVID-19.

O Xacobeo 2021 é un elemento de promoción nacional e internacional de extraordinaria importancia para Galicia. Pode e debe supoñer unha ventá de oportunidade para unha recuperación transversal, tanto do turismo e da cultura, coma doutras actividades económicas.

Debemos aproveitar o potencial do Xacobeo 2021 como factor de recuperación transversal de Galicia, reforzando a marca Camiño de Santiago e Xacobeo 2021 e potenciando as súas fortalezas e posibilidades.

O documentación de recomendacións servirá para:

- › Actualizar e reenfocar as prioridades e necesidades do Plan estratéxico do Xacobeo 2021 no novo escenario.
- › Traballar a prol da viabilidade e sustentabilidade do tecido empresarial e do mantemento do emprego vinculado ao Camiño e ao Xacobeo 2021.
- › Establecer estratexias que posibiliten a adaptación ao novo escenario socioeconómico.
- › Traballar cara ao desenvolvemento sustentable de todo tipo de proxectos en beneficio da comunidade local e da sociedade civil.
- › Impulsar novos produtos e solucións enfocadas ao novo escenario global.
- › Reaxustar as campañas de promoción do Camiño e do Xacobeo 2021.

COMPOSICIÓN

Presidenta

Cecilia Pereira Marimón, comisaria do Xacobeo 2021. Consellería de Cultura e Turismo (Xunta de Galicia)

Secretario

Isaías Calvo de la Uz, director de Administración e Relacións coas Asociacións do Camiño de Santiago. Consellería de Cultura e Turismo (Xunta de Galicia)

Membros

Annette Argall, representante en España de American Pilgrims on the Camino.

María Bastida Domínguez, profesora da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e no Master Universitario en Dirección e Planificación de Turismo da USC

Paolo Caucci von Saucken, presidente do Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago

Mónica Crisóstomo Besada, copropietaria de Ideas Peregrinas Hostel & Pilgrim Store

Melchor Fernández Fernández, profesor da Universidade de Santiago de Compostela (USC), director do departamento de Fundamentos de Análise Económica da USC e responsable do estudo de impacto socioeconómico do Camiño de Santiago

Eladio Fernández-Galiano, asesor especial do Instituto de Rutas Culturais do Consello de Europa

Manuel Gago Mariño, profesor da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e coordinador de proxectos dixitais do Consello da Cultura Galega

Gumersindo Guinarte Cabada, tenente alcalde do Concello de Santiago de Compostela e concelleiro de Presidencia, Relacións Institucionais e Turismo, delegado do Ano Santo 2021

Julio Gómez Alonso, xestor cultural e codirector de Sinsalaudio

Luis Gutiérrez Perrino, presidente da Federación Española de Asociaciones de Amigos del Camino de Santiago

Olga Iglesias Fontal, alcaldesa de Triacastela (Lugo) e membro da Mancomunidade de concellos galegos do Camiño francés

Manuel López Vázquez, presidente da Federación Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago

Francisco Millán Mon, deputado do Parlamento Europeo e presidente do Intergrupo “Patrimonio Cultural, Camiños de Santiago e outras Rutas Culturais Europeas” do Parlamento Europeo

Manuel Mirás Franqueira, presidente da Asociación de Concellos do Camiño Inglés e alcalde de Oroso (A Coruña)

Rocío Mosquera Álvarez, presidenta do Clúster de Saúde de Galicia

Francisco Javier Núñez Alonso, director do Centro Dramático Galego e doutor en Economía Aplicada pola Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Jesús Palmou Lorenzo, presidente da Academia Xacobeo

Segundo Pérez López, deán-presidente do Cabildo da Catedral de Santiago, presidente da Fundación Acogida Cristiana en los Caminos de Santiago e responsable do Centro Internacional da Acollida ao Peregrino.

Miriam Pérez Vilaseco, galerista e directora de Laboratorio creativo Vilaseco

Jesús Picallo Santos, presidente da Asociación de empresarios do Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía (Solpor)

Mamen Quintás Cruceyra, xerente de Ficción Producciones

Cristóbal Ramírez Gómez, xornalista, membro de APECSA e profesor da Escola Universitaria de Turismo da Universidade da Coruña (UDC)

Miguel Ángel Rodríguez Aira, presidente da Asociación galega de albergues privados (AGALBER)

Mar Rodríguez Meseguer, directora-xerente da axencia de viaxes Tee Travel

Miguel Taín Guzmán, director da Cátedra do Camiño de Santiago e das Peregrinacións da Universidade de Santiago de Compostela

DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS

A sesión de constitución do grupo de expertos tivo lugar o 6 de maio de 2020.

O grupo de traballo organizou os seus traballos en tres mesas.

Á fronte de cada unha delas houbo dous coordinadores.

- › Mesa "**Camiño de Santiago/Ano Santo/Pensamento**". Coordinadores: Cristóbal Ramírez e Miguel Taín
- › Mesa "**Economía/Servizos no Camiños**". Coordinadores: Melchor Fernández e Olga Iglesias
- › Mesa "**Cultura/eventos/Europa**". Coordinadores: Manuel Gago e Julio Gómez

Resultados

Propostas de actuación

Grupo de traballo para o Xacobeo 2021

RESULTADOS

Unha estratexia nova para un novo Camiño

O Camiño de Santiago e o Xacobeo son activos esenciais para a recuperación de Galicia tras a crise sanitaria provocada pola COVID-19. Esta estratexia atende, a través de diferentes liñas de acción, un escenario complexo e incerto, pero que tamén presenta oportunidades únicas para proxectar na vindeira década o Camiño de Santiago, o Xacobeo e, por extensión, Galicia.

A seguridade no Camiño de Santiago é unha prioridade absoluta. A través de protocolos sanitarios, programas de formación, sistemas de avaliación e procesos de comunicación, construírse unha nova confianza no destino Galicia que chegará a todos os axentes relacionados: peregrinos, turistas e os diferentes sectores sociais e económicos implicados. O reducido impacto da pandemia, con relación a outros territorios, é unha importante variable para comezar a construír este novo escenario de seguridade.

O efecto Xacobeo debe penetrar no conxunto da economía e da sociedade galega, dessectorializando o seu alcance e estendendo os seus efectos a múltiples ámbitos, directa ou indirectamente relacionados. O turismo e a cultura son as áreas directamente vencelladas a este acontecemento, pero como proxecto de país, transversal e representativo de Galicia, o Xacobeo debe aspirar a xerar riqueza e emprego no conxunto do territorio e do tecido produtivo galego.

Temos ante nós unha oportunidade única para construír un destino dixital e referencia de boas prácticas para o turismo cultural en Europa. O novo salto tecnolóxico debe permitirnos, por unha banda, levar ás redes o inxente patrimonio cultural material e inmaterial do Camiño de Santiago e, por outra, avanzar nunha dimensión tecnolóxica pioneira: converter o itinerario nun destino intelixente, capaz de lle ofrecer a cada visitante e peregrino unha experiencia única e adaptada aos seus intereses e necesidades.

O Xacobeo debe ser un poderoso motor de creación de riqueza sustentable para Galicia. A programación primará criterios de excelencia, calidade e diversidade de públicos, pero será concibida para que poida ser estendida ao longo do territorio galego e deseñada para garantir a súa sustentabilidade no tempo. O Xacobeo debe impulsar tamén a descentralización dos fluxos turísticos, aproveitando os recursos propios de cada lugar, achegando riqueza a todo o territorio e impulsando a cohesión.

O Camiño de Santiago e a tradición xacobeá representan un modelo de valores, unha referencia universal de concordia, convivencia, esforzo e solidariedade. Valores que hoxe cobran máis importancia ca nunca. Esta debe ser a imaxe de marca de Galicia. Estes valores son a nosa mellor carta de presentación en todo o mundo. A chave que nos ha conectar con centos de miles de persoas a escala global

En definitiva, o Xacobeo 2021, porta de entrada á década xacobeá, será unhas das claves da recuperación económica e emocional de Galicia. Permitiranos proxectar no eido internacional o noso legado humanístico e cultural con séculos de historia. Un novo Xacobeo, marcado polas medidas de seguridade do destino e definido pola sustentabilidade. Un Xacobeo máis respectuoso e integrador, máis adecuado ao mundo dixital, pero sen renunciar á nosa tradición. Un Xacobeo que será referencia en todo o mundo dos nosos mellores valores.

Resultados e propostas de actuación

O grupo organizou os seus traballos e xuntanzas virtuais a través das mesas e dos coordinadores, e agrupou as súas propostas de actuación arredor de catro obxectivos prioritarios.

- › **OBXETIVO PRIORITARIO:** garantir a seguridade das persoas no Camiño de Santiago. Galicia e o Camiño, destinos seguros
- › **OBXETIVO PRIORITARIO:** comunicar, formar e informar no Camiño de Santiago. Galicia, o Camiño, Xacobeo 2021
- › **OBXETIVO PRIORITARIO:** traballar no primeiro Ano Santo da próxima década xacobeá
- › **OBXETIVO PRIORITARIO:** traballar no Camiño da próxima década xacobeá

OBXETIVO PRIORITARIO: garantir a seguridade das persoas no Camiño de Santiago. Galicia e o Camiño, destinos seguros

1.- PROPOSTA: promover a aplicación dos protocolos sanitarios e de seguridade para os establecementos turísticos e os espazos públicos vencellados ao Camiño de Santiago, validados polas autoridades competentes en Galicia e no resto de España. Promover fórmulas para a formación e acreditación vinculadas a un Camiño seguro.

2.- PROPOSTA: impulsar a colaboración con outros departamentos e administracións públicas para abordar de xeito planificado todos os ámbitos vencellados con aspectos relacionados coa saúde, a hixiene e a sustentabilidade ambiental no Camiño (lixo, saneamento, vertidos, espazos naturais etc.), como reforzo dos servizos ou implantación duns novos, mellora na planificación etc...

3.- PROPOSTA: deseñar e impulsar a aplicación de parámetros de xestión de limpeza no Camiño. Promover a creación de actuacións nos Camiños a prol da saúde pública, como a creación de áreas de descanso intermedias e outros servizos exteriores.

4.- PROPOSTA: definir e impulsar un plan de axudas para a adopción de medidas de adaptación, desinfección, hixienización e dixitalización dos establecementos que prestan servizo aos peregrinos no Camiño.

5.- PROPOSTA: establecer, segundo a planificación das autoridades sanitarias, a dispoñibilidade de equipos de control da COVID-19 nos Camiños de Santiago, como puntos de información avanzados, co obxectivo de lles ofrecer seguridade aos peregrinos e residentes.

6.- PROPOSTA: impulsar a creación dunha aplicación móbil para lle facilitar ao peregrino en tempo real información completa sobre o Camiño (condicións físicas e climáticas de cada tramo, horas de luz, puntos de interese, centros de información, aloxamento, restauración,

servizos sanitarios...) e para darlle a coñecer toda a información dispoñible sobre protocolos de actuacións fronte á COVID-19. O obxectivo é darlle seguridade ao peregrino, indicándolle as recomendacións e medidas que debe cumprir para facer o Camiño e facilitarlle a planificación da ruta.

A información recollida de xeito anónimo pola aplicación facilitaralles aos distintos organismos xestores do Camiño información en tempo real dos fluxos en cada tramo e sobre o propio perfil sociodemográfico do peregrino.

7.- PROPOSTA: reforzar a loita contra a competencia desleal aos establecementos que prestan servizo aos peregrinos no Camiño e insistir na prohibición da acampada libre, xa que os visitantes nesta modalidade quedarían a marxe de protocolos, co conseguinte risco para a súa saúde e para a de aqueles que entren en contacto con eles.

8.- PROPOSTA: reforzar a información e a comunicación que faga visible as accións que se estean a levar a cabo para mellorar a seguridade sanitaria do Camiño.

9.- PROPOSTA: facilitar a apertura dos albergues de peregrinos da rede pública da Xunta de Galicia, dos albergues de donativo e dos albergues privados, con todas as garantías e canto antes sexa posible.

OBXETIVO PRIORITARIO: comunicar, formar e informar no Camiño de Santiago. Galicia, o Camiño, Xacobeo 2021

10.- PROPOSTA: transformar o Camiño de Santiago nun dos destinos dixitais máis relevantes de Europa a través da definición e dotación dunha estratexia dixital específica para o Camiño e o Xacobeo 2021 e da definición dunha estratexia de comunicación innovadora, co fin de facer efectivo o liderado de Galicia no mundo dixital do Camiño de Santiago. Cómpre avaliar que contidos dixitais sobre o Camiño están accesibles, a quen están dirixidos e en que formatos, así como diagnosticar e mapear os recursos dixitais do Camiño de Santiago (unha cartografía de recursos dixitais sobre o Camiño de Santiago, identificando as eivas, ausencias e potencialidades na representación en Internet para os visitantes). A formulación ten que ser peregrino-céntrica e a súa xestión profesional. Impulso profesional e estratéxico á presenza nas redes sociais e nas canles dixitais.

11.- PROPOSTA: fomentar a produción de narrativas dixitais para o Camiño de Santiago, construíndo unha infraestrutura de contidos fiable e de calidade, que sirva de preparación e apoio para a viaxe e tamén para a fidelización posterior. Esta infraestrutura deberá valorar o inxente patrimonio cultural material e inmaterial do Camiño, centrándose en proxectos de longo espectro e producindo contidos e formatos con capacidade de se converter en referencia internacional e con vixencia ao longo dun amplo período.

12.- PROPOSTA: definir e dotar un plan de formación sobre o Camiño, en todas as súas dimensións, dirixido ás escolas, institutos, universidades, técnicos das administracións públicas, asociacións, profesionais e, especialmente, á poboación local.

13.- PROPOSTA: dixitalizar o Camiño en velocidade e capacidade de conexión. O peregrino necesita ter acceso a determinada información ao longo das súas rutas (transcurso das rutas para evitar tomar camiños equivocados/ servizos dos lugares polos que pasa para poder xestionalos con antelación/ información sanitaria ou de emerxencias...). As redes sociais dos peregrinos son unha grande e impagable ferramenta de promoción.

14.- PROPOSTA: potenciar os diferentes centros, espazos e estruturas interpretativas existentes nos Camiños, co obxectivo de mellorar a experiencia cultural da peregrinación. Cómpre relacionar máis estes equipamentos coa comunidade local e botar man das novas reflexións que se están a realizar en procesos como o Foro de Patrimonio e Sociedade do Consello da Cultura Galega.

15.- PROPOSTA: apoiarse nos voluntarios e nos hospitaleiros voluntarios para a divulgación entre os peregrinos da información.

16.- PROPOSTA: desenvolver para os establecementos de hostalería e restauración formación en liña ou presencial sobre a COVID-19.

17.- PROPOSTA: desenvolver campañas de comunicación e mercadotecnia con carácter inmediato que demostren que o Camiño e os seus valores seguen vivos.

- › Campaña Camiño Seguro dirixida aos peregrinos de proximidade (especialmente entre a poboación galega e española) e aos residentes locais.
 - › Campaña Camiño Vivo, vencellada aos valores vivos de solidariedade e fraternidade máis ca nunca.
-

18.- PROPOSTA: impulsar o desenvolvemento de actividades lúdicas e formativas no Camiño de Santiago dirixidas as nenas e nenos de localizacións próximas, co obxectivo de lle dar a coñecer o Camiño á poboación local, de facilitar a conciliación familiar no proceso de desescalada e de reactivar a oferta de servizos, sobre todo nas áreas máis rurais e dependentes do tránsito de peregrinos.

OBXECTIVO PRIORITARIO: traballar no primeiro Ano Santo da próxima década xacobeá

19.- PROPOSTA: apoiar o desenvolvemento en Galicia de todo tipo de eventos e encontros vencellados á creación e difusión internacional e nacional da cultura xacobeá e peregrina, do Ano Santo 2021 e do Xacobeo 2021. Facer especial fincapé nas dimensión global e dixital destes eventos.

20.- PROPOSTA: crear e manter unha axenda cultural xacobeá dixital do Camiño. Ten que ser permanente, en liña e dotada de suficientes medios para a súa xestión profesional, de cara a fomentar a participación, evitar os conflitos de programación e evidenciar a dimensión global do fenómeno xacobeo.

21.- PROPOSTA: apoiar o desenvolvemento de proxectos e de iniciativas de traballo do Comité Internacional de Expertos, da Cátedra do Camiño de Santiago e das Peregrinacións da Universidade de Santiago de Compostela, da Academia Xacobeá e do Museo das Peregrinacións e de Santiago, o centro de referencia internacional para o estudo do Camiño e da peregrinación. Cómpre estimular o traballo en común destas institucións.

22.- PROPOSTA: promover, especialmente neste momento, as dimensións local, rexional e nacional, tanto para España coma para o resto de países. Esta estratexia implica unha comunicación dirixida á promoción dos tramos locais do Camiño. O Camiño debe ter máis presenza nos programas e proxectos europeos. Aproveitar a Presidencia portuguesa da UE no primeiro trimestre do 2021. Fomentar e apoiar a comunicación e o traballo en común das Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Europa e no resto do mundo.

23.- PROPOSTA: reorientar a convocatoria aberta de proxectos “O teu Xacobeo”, apostando pola calidade e pola innovación, especialmente naquelas que traballen estratexias transversais con sectores do patrimonio e do turismo, con accións proactivas para a creación do tecido cultural, especialmente no rural. Crear un arquivo web de boas prácticas.

24.- PROPOSTA: elaborar unha programación exclusiva do Xacobeo 2021 como marca de calidade e referencia en España e en Europa. Apoiar a creación artística contemporánea que teña en conta as tradicións locais, o ruralismo e o patrimonio material e inmaterial.

A cultura no rural e no Camiño como espazos de encontro con potencialidade para fortalecer a comunidade e dinamizar a economía. Programación enfocada a medio prazo. Fuxir de actividades efémeras de representación. Os eventos de calidade de pouca concentración de público son una ferramenta de comunicación porque atraen prescriptores. Participación e transversalidade.

OBXECTIVO PRIORITARIO: traballar no Camiño da próxima década xacobeá

25.- PROPOSTA: contar cunha ferramenta de planificación priorizada e dirección estratéxica para o desenvolvemento de actuacións público-privadas nos Camiños de Santiago. Aprobar e dotar un Plan director e estratéxico dos Camiños de Santiago en Galicia que dea cobertura á década xacobeá que comeza no ano 2021.

26.- PROPOSTA: traballar para facer dos Camiños de Santiago de Compostela un destino intelixente. Cómpre crear un observatorio permanente do Camiño e do Peregrino para monitorizar e avaliar a realidade multidimensional e heteroxénea do Camiño. Isto permitiría unha xestión adecuada dos fluxos de peregrinos, o reforzo territorial e temporal axeitado dos servizos alí onde é necesario, a programación de actuacións atendendo aos perfís dos peregrinos etc. Utilizar minería de datos.

27.- PROPOSTA: continuar co traballo de deslocalización e desestacionalización nos Camiños de Santiago recoñecidos de xeito oficial.

28.- PROPOSTA: formar e promover os guías turísticos nos valores locais, nas súas tradicións e na súa historia social porque, ademais de completar unha maior experiencia profesional, tamén creará empregos en áreas non urbanas.

29.- PROPOSTA: plan de apoio aos investimentos para as pemes e para os autónomos que impulsen novos produtos e novas tendencias (por exemplo, agrotech, sustentabilidade, economía circular, mercados de proximidade, produto de proximidade km 0 no Camiño).

30.- PROPOSTA: reforzar os programas de voluntariado e hospitalidade no Camiño e o carácter inclusivo deste, con especial atención aos peregrinos en idades avanzadas e aos peregrinos con necesidades especiais.

galicia



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA